

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 10 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de explotación gandeira con capacidade para 1.200 porcos de ceba e 227 cabezas de vacún de leite no lugar de Lobeira, na parroquia de Maceda, no concello de Melide (A Coruña) (expediente 2023/0112).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 10 de outubro de 2023 do proxecto de explotación gandeira con capacidade para 1.200 porcos de ceba e 227 cabezas de vacún de leite no lugar de Lobeiro, na parroquia de Maceda, no concello de Melide (A Coruña), promovido por Ganadería Lobeiro, S.C.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: pcazyne3-9gf2-xa52-qzz9-r9bqrogosya8

